

CONFERENCIAS

A represión franquista, primeiro acto do Ano da Memoria

Dende a [Xunta](#) decidiuse que o 2006 ía ser en Galiza o *Ano da Memoria*, coa pretensión de recuperar a visión histórica. Un destes primeiros actos é o que organizan en [Pontevedra](#) para esta semana (do 23 ao 27 de xaneiro) a [Universidade de Vigo](#) e a [Aula Castelao](#); un percorrido dende diferentes ópticas a través da represión franquista.

- 15:56 23/01/2006

Memoria da represión franquista é o título deste ciclo no que, segundo se explica dende a Aula Castelao, "non se pretenden recuperar vellas pantasma, senón explicar a orixe e demostrar que seguen existindo na sociedade de hoxe en día". Pola Casa das Campás, lugar no que se vai desenvolver o ciclo, pasarán especialistas como Bieito Alonso, Alfonso Álvarez ou Concha Nogueira e Amalia Bóveda.

A represión en Pontevedra de norte a sur é o título do relatorio inaugural, que coma todos os demais comeza ás 20:00 horas e vai estar pronunciado por Manuel Igrexas, Bieito Alonso e Xoán C. Abad. O martes 24 os relatores van ser Alfonso Álvarez Gándara e Francisco Carballo, baixo o epígrafe *Xudicatura e igrexa na represión*. O mércores 25 a mesa redonda vai quedar substituída pola proxección de *CCCV (1975-1980)*, do director Ramiro Ledo e producido por Producións Nós, a quen representa neste ciclo Nemesio Barxa.

Xoves e venres volven as mesas redondas, *A represión en Pontevedra comarca* e *A muller, vítima da represión franquista*, respectivamente. Dúas mesas redondas para as que se conta coa presenza de Xosé Álvarez e Dionisio Pereira, no primeiro caso, e María Xesús L. Escudeiro, Concha Nogueira, Mariví Villaverde e Amalia Bóveda, no caso da mesa redonda arredor da situación da muller durante o franquismo.